


Coa unidade em- pezas o cambio




ÚNETE AO STEG

cara a un **ensino público, galego,
laico e de calidade**

ELECCIÓNS SINDICAIIS 2018

#em-pezas?
steg.gal

Coa unidade em- pezas o cambio



Somos unha organización con entidade e autonomía propias, que toma as súas decisións segundo a súa propia dinámica interna e se financia unicamente coas contribucións das súas afiliadas e afiliados.

ÚNETE AO STEG

cara a un **ensino público, galego,
laico e de calidade**

ELECCIÓNS SINDICAIIS 2018



#em-pezas?
steg.gal

O STEG distingue sempre por contribuir coa súa acción e ideoloxía contra as violencias, malos tratos e opresións específicas a que están sometidas as **mulleres**, tanto nos aspectos laborais, profesionais e xurídicos, como nos sexuais e educativos. Así, **loitamos** contra as formas de discriminación e sexismo que permanecen e se transmiten a través do noso sistema educativo. Defendemos unha escola igualitaria en dereitos e oportunidades, libre de violencias e coeducativa sen androcéntrismos.

ESCOLA FEMINISTA

Despregamos a nosa actividade sindical en Galiza, os nosos órganos de goberno e decisión son galegos, e o noso idioma é o **galego**. Defendemos os dereitos e intereses da clase traballadora galega e do pobo galego.

ENSINO EN GALEGO

Somos unha organización sindical que só traballa co profesorado da escola pública, no convencemento de que a educación debe ser única e estritamente **pública**. O investimento dos recursos de todas e todos debe ser para a mellora da escola pública, garantindo a súa **calidade**, non detraendos para favorecer actividade privada ningunha neste senso.

ESCOLA PÚBLICA E DE CALIDADE

Somos un Sindicato autónomo e assembleario, membro da Confederación de STEG, formada pola unión de Organizacións Sindicais cunha historia común, un proxecto solidario e un mesmo modelo sindical que se resume nas seguintes **características**:



ESCOLA LAICA


Somos a única forza sindical do ensino que non traballa co profesorado de relixión. Defendemos a **separación** entre a Igrexa e Estado como garante de convivencia, tolerancia e igualdade entre persoas crentes e non crentes e en consecuencia pulamos por unha escola laica, onde os contidos deben estar avaliados pola ciencia, desde calquera das súas disciplinas, non dende a fe.

CORPO ÚNICO DE ENSINANTES E ESTABILIDADE NO EMPREGO

Reivindicamos sempre a **mellora** das condicións laborais e profesionais das traballadoras e traballadores do ensino e, ademais, asumimos a defensa de todas as cuestións políticas e sociais que afecten á **clase traballadora** e ao pobo galego. O STEG demanda unha negociación da oferta de emprego público que garanta a estabilidade do profesorado interino que leve traballando un tempo determinado así como a consecución dun corpo único de ensinantes cunha formación inicial do mesmo nivel, sexa cal sexa o ensino que imparta, cunha formación continua en relación coa función educativa desenvolva.

#em-pezas?

Coa unidade em- pezas o cambio



ÚNETE AO STEG

cara a un **ensino público, galego,
laico e de calidade**

ELECCIÓNS SINDICAIS 2018

#em-pezas?
steg.gal  